

**FICHA SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES**NOME: **XUNQUEIRA DO BAO-HERMIDA**CLAVE: **SX/EL-ZV/B12****1. SUPERFICIES**

<b>SUPERFICIE DO SISTEMA:</b>		<b>503.000</b>
<b>ESTADO:</b>		
EXISTENTE:	47.516	
PROPOSTO:	455.485	
<b>XESTIÓN:</b>		<b>503.000</b>
OBTIDO:	56.761	
POR OBTER:	446.239	
		<b>503.000</b>

**2. DESCRIPCIÓN**

Constitúe un dos paradigmas de corredor ecolóxico plasmados no modelo de ordenación do Plan Xeral, nel asístese a concatenación de hábitats diversos nunha banda de tan só quilómetro e medio que vai dende os Montes de Coruxo, encravados na coroa de montes, ata o areal do Bao.

A efectos cualitativos procedeuse a delimitación de dous subsistemas, un denominado Hermida, incluído nunha ampla área de desenvolvemento residencial prevista entre a Estrada de Camposancos e a Avda. Ricardo Mella, e outro denominado Xunqueira do Bao sobre a mesma xunqueira e parte do areal homónimo.

O sistema xeral de Hermida esténdese dende a Estrada de Camposancos sobre a base do Monte Carballosa, ata a Avda. Ricardo Mella, conformando unha masa forestal de máis de 10 Ha. A permanencia deste enclave xulgouse necesaria en previsión do desenvolvemento urbanístico dos baleiros existentes entre a Estrada de Camposancos e a Avda. Ricardo Mella, nomeadamente dos sectores S-42-R HERMIDA e S-53-R XUNQUEIRA nos que se inclúe a efectos de ordenación e xestión.

O sistema xeral da Xunqueira do Bao abrangue case 40 Ha de solo rústico de enclave natural, é por tanto que se lle outorga a máxima protección a efectos de valoración ambiental. A súa delimitación esténdese hasta fronte costeiro incluíndo a practica totalidade do paseo marítimo do areal do Bao.

**Dimensión patrimonial:**

Como marisma baixa, A Xunqueira do Bao constitúe un enclave singular de referencia ambiental e paisaxística en todo o termo municipal; trátase dun sistema palustre que engloba regos e regueiros, zonas enchoupadas, xunqueiras, espadaneiras, bosques de ribeira, espacia agrícola e piñeirais. Na súa configuración orixinal estaba conectado coa praia e o sistema dunar do Bao, conformando a clásica secuencia praia-cordón dunar-zona palustre; actualmente, esta interacción desapareceu como consecuencia do proceso urbanizador sobre as dunas e parte do humidal.

A pegada antrópica histórica concentrouse na punta rochosa (Punta Toralla) que divide os areais do Serral e o Bao, xa que o resto do sistema xeral presentaba outrora firmes inestables para o asentamento. Neste emprazamento atópanse os restos da Vila Romana de Toralla (X-037, GA 3605737) sobre a finca Mirambell, incluída no Catálogo de Parques e Xardíns (Vilamar ou Finca Mirambell, S-006), configurando un complexo patrimonial singular.

A foresta da Hermida aporta un importante valor ambiental como sistema xeral de encaixe entre a coroa de montes e o humidal do Bao.

**3. OBXECTIVOS**

O sistema xeral da Hermida ordenarase pormiudadamente a través dos plans parciais que desenvolvan os sectores S-42-R HERMIDA e S-53-R XUNQUEIRA. A efectos de integración ambiental observarase o a aplicación das medidas correctoras de impacto, expresamente determinadas para cada un destes sectores no Estudio de Sostibilidade Ambiental, Impacto Territorial e Paisaxístico

Para o sistema xeral da Xunqueira do Bao, os criterios de ordenación determinaranse pormiudadamente no Plan Especial de Rexeneración Ambiental e Ambiental e Acondicionamento da Xunqueira do Bao .

**PLAN ESPECIAL DE REXENERACIÓN AMBIENTAL E ACONDICIONAMENTO DA XUNQUEIRA DO BAO E O AREAL.**

Este Plan Especial desenvólvese no ámbito definido polo perímetro recolle o Sistema Xeral de Espacios Libres SX/EL-ZV/B12/O XUNQUEIRA DO BAO.

**Obxectivos**

Dar cumprimento do obxectivo estratéxico de recuperación ambiental da Xunqueira do Bao como espacia público, sobre valores ecolóxicos e medioambientais,

**Criterios de Ordenación**

O Plan Especial establecerá a valoración das accións de rexeneración que en cada parte do humidal precisen e que permitan a súa incorporación como espacia de uso e dominio público.

As medidas de acondicionamento para o uso público, haberán de ser coherentes coa dinámica hidráulica e cos valores ambientais que se pretende protexer. Así as labores de recuperación deberán deseñarse e executarse de forma que favoreza a diversidade ecolóxica e a mellora da calidade paisaxística, a recuperación e aumento dos bosque de ribeira, a restauración das zonas húmidas degradadas, e se é posible, a compatibilidade da funcionalidade hidráulica cos usos recreativos. Suírese o mantemento de parte dos usos agrarios como espacia de formación medioambiental activa.

O Plan Especial incorporará os proxectos de musealización da Villa de Toralla así como o específico de rexeneración do Areal



do Bao; a estes efectos valoraranse as intervencións no espazo crítico de conexión entre o humidal e o areal e a corrección dos impactos producidos polo trazado da rúa Canido.

Procurase unha acaída integración do vial de pertencente ao Sistema Xeral de Comunicacións-Viario de 2ª Categoría que decorre polo límite occidental do humidal, arbitrando as medidas de corrección de posibles impactos que poidan xurdir da súa execución.

Realizarase un catálogo propio dos elementos a protexer, e estableceranse as medidas de posta en valor da paisaxe cultural (canles, muros, cómaros, pontes, pontellas, lavadoiros,...).

Estableceranse os indicadores dun plan ambiental de seguimento das dinámicas erosivas e sedimentarias no areal, e que haberá de desenvolverse a partires da execución do Plan Especial, o seu obxectivo será avalia-la efectividade das medidas propostas.

Criterios de execución:

Serán os establecidos para o sistema xeral da Hermida nos plans parciais que desenvolvan os sectores S-42-R HERMIDA e S-53-R XUNQUEIRA.

Serán os establecidos para o sistema xeral da Xunqueira do Bao no Plan Especial de Rexeneración Ambiental e Acondicionamento da Xunqueira do Bao e o Areal.

O desenvolvemento para a adecuación deste sistema xeral para uso público deberá respectar as condicións do artigo 12.6.4 das NN.UU.

#### 4. PROGRAMACIÓN

SISTEMA	NOME	% 1 Cuatr.:	% 2 Cuatr.:	% 3 Cuatr.:
SX/EL-ZV/B12/0	XUNQUEIRA DO BAO-HERMIDA - XUNQUEIRA DO BAO	0	100	0
SX/EL-ZV/B12/1	XUNQUEIRA DO BAO-HERMIDA - HERMIDA	0	100	0

#### 5. RELACIÓN DETALLADA DAS SUPERFICIES

CLAVE:	CLASIFICACION:	CATEGORIA:	AMBITO/SECTOR	ADSCRITO:	ESTADO:	XESTION:	SupTOTAL:	OBTENCIÓN:
<b>XUNQUEIRA DO BAO</b>								
SX/EL-ZV/B12/0/01	SRPR	RPI			PROPOSTO	POR OBTER	1.308	Expropiación
SX/EL-ZV/B12/0/01	SRPR	RPEN			PROPOSTO	POR OBTER	684	Expropiación
SX/EL-ZV/B12/0/01	SRPR	RPC			PROPOSTO	POR OBTER	1.034	Expropiación
SX/EL-ZV/B12/0/01	SRPR	RPC			EXISTENTE	OBTIDO	47.516	
SX/EL-ZV/B12/0/02	SRPR	RPC			PROPOSTO	OBTIDO	7.212	
SX/EL-ZV/B12/0/03	SRPR	RPI			PROPOSTO	POR OBTER	20.542	Expropiación
SX/EL-ZV/B12/0/03	SRPR	RPI			PROPOSTO	OBTIDO	375	
SX/EL-ZV/B12/0/03	SRPR	RPEN			PROPOSTO	POR OBTER	317.969	Expropiación
<b>HERMIDA</b>								
SX/EL-ZV/B12/1/01	SUBZ	SUBZDE	S-42-R		PROPOSTO	POR OBTER	21.010	Inclusión
SX/EL-ZV/B12/1/01	SUBZ	SUBZDE	S-42-R		PROPOSTO	OBTIDO	524	
SX/EL-ZV/B12/1/01	SUBZ	SUBZDE	S-53-R		PROPOSTO	POR OBTER	26.124	Inclusión
SX/EL-ZV/B12/1/02	SUBZ	SUBZDE	S-53-R		PROPOSTO	POR OBTER	16.338	Inclusión
SX/EL-ZV/B12/1/03	SUBZ	SUBZDE	S-42-R		PROPOSTO	POR OBTER	41.230	Inclusión
SX/EL-ZV/B12/1/03	SUBZ	SUBZDE	S-42-R		PROPOSTO	OBTIDO	1.135	



## 6. RESUMEN POR CLASIFICACIÓN, ESTADO E XESTIÓN

CLASE SOLO	SUPERFICIE	ESTADO		XESTIÓN	
		PROPOSTO	EXISTENTE	OBTIDO	POR OBTER
SUC	0	0	0	0	0
SUNC	0	0	0	0	0
SURB	0	0	0	0	0
SUBZDE	106.361	106.361	0	1.659	104.702
SUBZND	0	0	0	0	0
SUBZ	106.361	106.361	0	1.659	104.702
RPAC	0	0	0	0	0
RPAP	0	0	0	0	0
RPC	55.761	8.245	47.516	54.727	1.034
RPEN	318.653	318.653	0	0	318.653
RPI	22.225	22.225	0	375	21.850
RPF	0	0	0	0	0
RPO	0	0	0	0	0
SRPR	396.639	349.123	47.516	55.102	341.537

## 7. RESUMEN POR OBTENCIÓN

EXPROPIACIÓN	341.537
ADSCRIPCIÓN	0
INCLUSIÓN	104.702
OBTIDO	56.761

## 8. RESUMO POR AMBITOS E SECTORES

### XUNQUEIRA DO BAO-HERMIDA

AMBITO/SECTOR	SUPERFICIE	ESTADO		XESTIÓN	
		PROPOSTO	EXISTENTE	OBTIDO	POR OBTER
	396.639	349.123	47.516	55.102	341.537
CONSOLIDADO	396.639	349.123	47.516	55.102	341.537
S-42-R	63.899	63.899	0	1.659	62.240
S-53-R	42.462	42.462	0	0	42.462
INCLUIDO	106.361	106.361	0	1.659	104.702